

FICHA RESUME

PE 403A 2007/ 41-5

Ano	2008
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE BUEU, LOURIZÁN, MARÍN, PONTEVEDRA, PORTONOVO, RAXÓ E SANXENXO.
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA, LONGUEIRÓN E LONGUEIRÓN VELLO
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E SEMIAUTÓNOMO

Especies	Navalla (<i>E.arcuatus</i>), longueirón (<i>E.siliquia</i>) e longueirón vello (<i>S. marginatus</i>).
Ambito do plan	Desde Punta Faxilda a Punta Morcegos, Illas Ons e Onza. A inclusión na zona de traballo das Illas Ons e Onza está condicionada ao informe favorable por parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas, que non foi emitido en data actual, pero que en anos anteriores foi favorable.
Subzonas de explotación	Área 1-Portonovo: de Punta Faxilda a Punta Festiñanzo. Área 2-Raxó: de Punta Festiñanzo a Punta Chancelas (o límite coa área 3 é a liña imaxinaria que une Punta Chancelas con Con de Corbeiro-Illa de Tambo). Área 3-Brensa: de Punta Chancelas a Punta Campelo (o límite coa área 4 é a liña imaxinaria que une Punta Campelo co peirao da Illa de Tambo pegado a praia de Adreira). Área 4-Lourizán: de punta Campelo á Escuela Militar de Marín. Área 5- Marín: de Escuela Militar de Marín a Punta Loira. Área 6- Bueu: de Punta Loira a Punta Morcegos. Área 7- Illas Ons: sulitoral das Illas Ons e Onza.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	31	45 mergulladores (topes de captura)
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		200										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro, cunha veda para a navalla de dous meses en febreiro e marzo, e para o longueirón de abril a maio, en función do estado dos recursos.												
Modalidade⁽³⁾: mergullo en apnea e semiautónomo												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
13+4	12	12	13+4	12+5	13+4	14+4	14+5	14+4	13+5	13+4	14+4	
Rotación de áreas												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
4	1	1	3	2	6	4	3	2/4	5	2	3	
6/7	6	6	6/7	6/7	5	5	2	6/7	3	5	6/7	

Modificada por Orde do 17 de abril de 2008

Modificada por Resolución de recurso do 8 de maio de 2008

Topes de captura:

Especies	Embarcación	Mergullador/día
Navalla		15 kg/mergullador
Longueirón		15 kg/mergullador
Longueirón vello		15 kg/mergullador

O tope de captura é conxunto para as 3 especies.

Artes ou técnica de extracción	Mergullo en apnea e semiautónomo
---------------------------------------	----------------------------------

Puntos de control	Zona de traballo mediante a embarcación de vixilancia.
Puntos de venda	Lonxas de Bueu, Campelo, Marín e Portonovo.

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas: Limpezas de estrelas con técnicas de mergullo, e algas e residuos sólidos con rastro.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Modificada por Orde do 17 de abril de 2008

Modificada por Resolución de recurso do 8 de maio de 2008

Outras consideracións ⁽⁹⁾

A autorización para o uso das distintas técnicas de mergullo está supeditada a que os mergulladores estean en posesión dos certificados profesionais acorde coa técnica empregada, así como ao estricto cumprimento da normativa sobre mergullo e a execución do plan sexa aprobada a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.

A posesión de titulación caducada ou a carencia de titulación axeitada afectaría á participación das embarcacións do plan que tivesen enrolados mergulladores en esas circunstancias, as cales deberán acreditar ter un tripulante coa titulación necesaria para a actividade de mergullo para poder participar no plan de explotación e incluírse nas aperturas mensuais da actividade, así como para poder renovar a modalidade de navalla-longueirón no seu permiso de explotación. A mesma condición tamén deberá ser cumprida pola embarcación que figura no listado de participantes sen ter tripulante mergullador, en caso contrario decaerá do seu dereito a participar no plan, o que suporía a creación dunha vacante.

O plan de explotación propón que a área 6 inclúa a Illas Ons e Onza, sen embargo o informe técnico considera importante que existan dúas áreas independentes (6 e 7) co obxecto de facilitala valoracións das autorizacións, o control de biotoxinas e a xestión de datos da pesquería. Podería autorizarse a apertura simultánea das zonas 6 e 7, sempre que o informe de biotoxinas do Intecmar sexa favorable e se entreguen os datos de extracción disgregados por barco e por zona de extracción.

O informe técnico indica que os obxectivos de produción son elevados e recomenda que o número máximo de días autorizados sexa de 200, cunha veda para a navalla en febreiro e marzo e para o longueirón nos meses de abril e maio. Con respecto aos topes de captura serán de 15 kg/mergullador/día, aceptándose os topes propostos no plan para os luns de todo o ano (10 kg/mergullador/día) excepto na semana santa, xullo, agosto, festa do marisco de O Grove e segunda quincena de decembro. Os topes diferenciados do luns deberán ser solicitados na correspondente apertura mensual.

Recoméndase que calquera modificación do tope de captura por debaixo o do máximo autorizado, deber ser solicitado á delegación territorial e reflectido na correspondente resolución de apertura da actividade de marisqueo. O exceso de capturas detectado no punto de control con respecto ao tope máximo autorizado ese día, deberá ser devolto ao mar.

Con respecto á rotación de zonas o informe biolóxico propón un calendario no que se abran cada mes dúas zonas de traballo (principal e secundaria), sempre que se traballe na zona principal de luns a xoves e na secundaria os venres (como se propoñía no plan do presente ano). En caso de mala visibilidade ou presenza de biotoxina podería pasarse da principal á secundaria previa comunicación vía fax á delegación territorial. A rotación debería ser equilibrada de xeito que as zonas principais non se repetiran máis de tres veces ao ano e non quedara ningunha sen explotarse.

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS. Dentro do ámbito do Parque (Área 7) non se

Modificada por Orde do 17 de abril de 2008

Modificada por Resolución de recurso do 8 de maio de 2008

pode aumentar o esforzo pesqueiro con respecto ó de 2007. Polo tanto, deberán permanecer fixos (os mesmos que en 2007) o número de embarcacións, o de buceadores, o número de días de explotación no ano e os cupos de captura.

Únicamente poderán realizarse actividades de limpeza de algas ou depredadores no ámbito do Parque si previamente a súa realización se envía informe biolóxico sobre a súa conveniencia á Dirección do Parque.

Prohíbese a extracción de algas nas zonas de mæerl (esas zonas recóllense no mapa adxunto).

*

Modificada por Orde do 17 de abril de 2008

Modificada por Resolución de recurso do 8 de maio de 2008